

RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso - oposición, para o ingreso na categoría profesional de técnico/a de proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8 por cento no conxunto das administracións públicas españolas. A reforma actuará en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para prever e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, prevé que teña lugar un novo proceso de estabilización do emprego temporal nas administracións públicas e nas entidades instrumentais do sector público, mediante a convocatoria extraordinaria de prazas que non consomen taxa de reposición.

A dita lei autoriza no seu artigo 2 a realización dun proceso de estabilización baixo a modalidade de concurso – oposición para aquelas prazas que estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020, sempre que non tivesen sido convocadas en procesos de estabilización anteriores ou que sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir.

En virtude do Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e de prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Nesta convocatoria non se contempla a promoción interna, dado que se trata dun proceso único e excepcional habilitado polo disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Por conseguinte, de conformidade co establecido no Decreto 79/2022, do 25 de maio (DOG núm. 102, do 30 de maio), polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

RESOLVE:

Convocar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso - oposición, para o ingreso na categoría profesional de técnico/a de proxectos de I+D+i GI da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, identificada no Decreto 79/2022 do 25 de maio do seguinte xeito:

- 1 praza de Técnico/a de proxectos de I+D+i GI (**5629**, PBB)

I. Normas xerais.

I.1 O obxecto do proceso selectivo será cubrir a praza da categoría que se especifica no anexo II desta convocatoria correspondente á oferta de emprego público derivada do Decreto 79/2022, do 25 de maio.

O sistema selectivo será o de concurso- oposición.

Ao presente proceso selectivo seralle aplicable o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (en diante TRLEBEP); a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; a Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria e a normativa laboral establecida no estatuto dos traballadores, a Lei 20/2021 do 28 de decembro de 2021 e a Lei galega de medidas urxentes de redución da temporalidade.

I.2 Requisitos das persoas aspirantes.

Para seren admitidas aos procesos selectivos as persoas aspirantes deberán posuír o día da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral fixo os seguintes requisitos, excepto para o requisito da titulación que se estará ao disposto na base I.2.3

I.2.1. Idade: ter feitos os dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

I.2.2. Nacionalidade:

a) Ter a nacionalidade española.

b) Ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e as/os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

I.2.3. Titulación: estar en posesión ou en condición de obter antes da publicación na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación da resolución das persoas aspirantes que superan o proceso selectivo, as titulacións exixidas que figuran no Anexo III ou súa equivalencia. A tal efecto, e para o suposto que non se teña acreditado xunto coa solicitude de inscrición, sinalarase polo órgano convocante un prazo de presentación nun momento anterior á confección pola comisión de selección da listaxe de persoas aprobadas do dito proceso. As titulacións obtidas despois dese prazo non se terán en conta para a confección da dita proposta de persoas aprobadas.

Para os efectos desta convocatoria o termo de equivalente se entenderá referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

O anexo III correspondente establece as titulacións exixidas.

As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, se é o caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación as persoas aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

I.2.4. Coñecemento da lingua galega. Débese estar en posesión do título do Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). Non obstante, aquelas persoas que non acheguen a titulación anteriormente indicada deberán superar unha proba tipo test de coñecemento da lingua galega nos termos que se establecen na base II.

I.2.5. Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

I.2.6. Habilitación: non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

I.2.7. Ademais dos requisitos anteriores, as persoas aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacidade, terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, na data de publicación da presente convocatoria.

I.2.8. Non poderán participar no proceso selectivo o persoal laboral fixo que xa pertence ás mesmas categorías obxecto desta convocatoria.

I.2.9. Estar en posesión do permiso de condución tipo B e ter dispoñibilidade para desprazarse polo territorio nacional.

I.3 Solicitudes.

I.3.1. As persoas que desexen participar no proceso selectivo deberán facelo constar no modelo de solicitude que figura no anexo I da presente convocatoria. O modelo de solicitude estará á disposición de todas as persoas que desexen participar no proceso selectivo no portal web da Fundación <http://www.ceteca.net/>.

As solicitudes presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, núm. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de candidaturas.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva da persoa aspirante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

As persoas aspirantes con discapacidade poderán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria.

Se a solicitude derivase dunha circunstancia sobrevida, deberán solicitar a adaptación necesaria no prazo dun mes dende que se producise o feito causante e en calquera caso nas 24 horas seguintes á publicación da convocatoria para a realización do exercicio no que proceda a súa aplicación.

As persoas aspirantes das adaptacións sinaladas poderán indicar na mesma epígrafe da solicitude a presenza durante a realización do exercicio de atención médica especializada. Neste suposto, deberán acreditar e presentar antes do remate do prazo fixado, o orixinal ou a copia auténtica do informe médico que acredite a necesidade da dita medida.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de "Idioma do exame", se o texto do cuestionario do exercicio deberá entregarse en idioma galego ou en idioma castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a súa solicitude, a persoa aspirante non poderá modificar esta opción elixida.

No caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

As persoas aspirantes que sexan membros de familias numerosas deberán indicalo na súa solicitude, e acreditalo mediante copia compulsado ou orixinal do título de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter, segundo se trate.

Os aspirantes deberán indicar no modelo de solicitude se figuran como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, e acreditalo da seguinte forma:

1º. Certificación expedida pola oficina de emprego na que conste que a persoa aspirante figura como demandante de emprego desde polo menos seis meses anteriores á data de publicación desta convocatoria no DOG.

2º. Certificación do Servizo Público de Emprego Estatal na que conste que na data de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo non esta a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego.

As persoas aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, deberán indicalo expresamente na solicitude especificando o grao de discapacidade recoñecido polo órgano competente, e acreditalo mediante o copia compulsada ou orixinal do certificado de discapacidade. As persoas aspirantes deberán declarar as circunstancias particulares nas que se atopen relativas ó pago de taxas.

De acordo co sinalado no artigo 23.5 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, estarán exentas do pagamento:

Do importe total da taxa:

- As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial.

Do 50% do importe:

- As persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría xeral.
- As persoas que figuren como demandantes de emprego desde, polo menos, os seis meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego.

Para o pagamento da taxa deberá actuar do seguinte xeito:

Co fin de facer fronte aos gastos de realización do presente proceso selectivo, os aspirantes ingresarán a cantidade correspondente en concepto de dereitos de exame na conta nº ES49 2080 5272 3030 4001 3752. O xustificante de dito ingreso será aportado conxuntamente coa solicitude.

A Entidade devolverá o importe ingresado en concepto de dereitos de exame a aquelas persoas aspirantes excluídas de maneira definitiva, ou ben que non figuren en ningunha das listaxes, que así o soliciten no prazo de dous (2) meses a partir do día seguinte ao da publicación das listas definitivas de admitidos e excluídos.

Non procederá a devolución do importe aboado en concepto de dereitos de exame nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

Para calquera aclaración ou información sobre os procedementos anteriores, as persoas aspirantes poderán poñerse en contacto telefónico coa Fundación Centro Tecnolóxico da Carne no número 988-548277, das 8.30 ás 15.00 horas, de luns a venres.

I.3.2 O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días hábiles, que se contarán a partir do día 16 de xaneiro de 2023.

I.3.3 As persoas interesadas deberán incorporar xunto coa solicitude de participación, a seguinte documentación:

a) Documento de identificación: copia cotexada do NIF, NIE, pasaporte ou documento equivalente.

b) No suposto de non ter a nacionalidade española, documentación acreditativa de cumprir calquera das condicións previstas no artigo 52.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, regulador do acceso ao emprego público de persoas nacionais doutros Estados.

c) Copia auténtica ou cotexada do título do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG

núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

d) Copia auténtica ou cotexada das titulacións exixidas nas presentes bases ou certificado académico que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención da titulación ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión da correspondente titulación académica.

e) Documentación xustificativa cotexada dos méritos alegados.

Deberá achegarse coa solicitude unha relación nominal dos méritos aportados e o formulario de autoavaliación, que figura no Anexo Iii, debidamente enchido.

Os méritos alegados deberán referirse a data de publicación do anuncio no DOG da resolución da convocatoria.

O procedemento de acreditación de méritos figura no anexo II da presente convocatoria

f) Certificado da vida laboral emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de tela solicitado en prazo.

g) Copia cotexada do permiso de condución tipo B.

h) Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.

Persoas con discapacidade: certificado de discapacidade.

Vítimas de terrorismo: resolución administrativa pola que se recoñeza tal condición.

Familia numerosa xeral ou especial: certificado de familia numerosa de carácter xeral ou especial ou carné familiar en que conste o dito carácter.

Non poderá presentarse máis dunha solicitude de participación para unha mesma categoría; no caso de presentar varias solicitudes para un mesma categoría, soamente se terá en conta a última presentada.

I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección publicará na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación dos seus apelidos, nome e catro cifras numéricas aleatorias do documento nacional de identidade, das causas das exclusións que procedan. Xunto coa resolución anterior, a Comisión de Selección publicará a listaxe de persoas aspirantes admitidas que teñen acreditado a posesión do Celga requirido.

I.4.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da dita publicación da resolución na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión ou no seu caso para presentar a xustificación de estar en posesión do Celga requirido.

Estas solicitudes de emenda presentaranse preferentemente nas oficinas da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, sitas no Parque Tecnolóxico de Galicia, Avenida de Galicia, num. 4, CP: 32900, San Cibrao das Viñas, Ourense, en horario de 09:00 horas a 14:00 horas, de luns a venres, ata a data

de finalización do prazo de emenda. Aqueles/as candidatos/as que remitan a súa documentación por correo ordinario, deberano facer por correo certificado e deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega nas oficinas de correos, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo de admisión de emendas. Do mesmo xeito, aqueles/as candidatos/as que presenten documentación por calquera dos rexistros admitidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deberano comunicar á Fundación mediante o envío dun fax (988 548 276) ou correo electrónico (dpto_administracion@ceteca.net) o mesmo día que entreguen a documentación, achegando no fax ou correo electrónico o xustificante do envío no que consten a data e hora da entrega, téndose en conta a data e hora de finalización do prazo emendas.

A estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as da Comisión de Selección. Estas listaxes definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas publicaranse no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación.

Xunto coa resolución anterior, a Comisión de Selección publicará, no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación a listaxe de persoas aspirantes que deben realizar a proba de coñecemento da lingua galega requirida.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación.

II. Proba de coñecemento da lingua galega.

A dita proba será obrigatoria e eliminatoria para as persoas aspirantes que non acrediten estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso á categoría á que participa.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase de acordo ao nivel do Celga requirido por cada proceso selectivo. Para todas as categorías da presente convocatoria, o nivel de galego esixido será o Celga 4.

Realizarase unha única proba que será común e coincidente para todas as categorías de todos os procesos selectivos que se convoquen ao abeiro da oferta extraordinaria de estabilización de emprego temporal e que establecen como requisito de acceso estar en posesión ou en condicións de obter título do Celga 4.

A proba consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, con catro (4) respostas alternativas das cales só unha (1) delas será a correcta, máis tres (3) de reserva, mediante o cal se evidencie o coñecemento da lingua galega.

O exercicio terá unha duración de noventa (90) minutos.

O cuestionario deberá obrigatoriamente recoller contidos relacionados cos niveis funcionais da lingua: léxico, sintáctico e gramatical, correspondentes ao nivel do Celga requirido no proceso selectivo.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto. Corresponderá á comisión de selección determinar o número de respostas correctas esixido para acadar o resultado de apto.

Ao remate da proba cada persoa aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicaranse o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación das listaxes provisionais de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que posuían antes do día de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo, o Celga 4 ou equivalente debidamente homologado, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Este exercicio realizarase no prazo mínimo de dous (2) días hábiles e o máximo de corenta (40) días hábiles dende a constitución da comisión de selección.

II.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro do 2022).

II.2. As persoas aspirantes deberán presentarse ao exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que, a xuízo da comisión de selección, acredite a súa identidade.

II.3. O exercicio realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da comisión de selección e as persoas designadas pola Fundación como colaboradoras.

II.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas pola comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade.

II.5. O chamamento para a proba será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización da proba polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento da comisión de selección, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame

A comisión de selección acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

II.6. Se a comisión de selección, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización da proba de coñecemento da lingua galega, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación.

II.6. O resultado da proba obtido polas persoas aspirantes publicarase no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación (apto ou non apto).

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación da resolución da comisión de selección pola que se fan públicas as puntuacións da proba de coñecemento da lingua galega.

II.7. En calquera momento do proceso selectivo, se a comisión de selección tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarallo á Fundación Centro Tecnolóxico da Carne para que esta lle requira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a comisión de selección proporá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a resolución que corresponda.

II.8. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, a comisión de selección establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de coñecemento da lingua galega, dos criterios de corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que a comisión de selección acorde parámetros para a cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiranse con anterioridade á realización do exercicio.

III. Proceso selectivo.

III.1. Fase de oposición.

A valoración da fase de oposición terá unha puntuación máxima de 60 puntos.

O programa que rexerá a proba selectiva é o que figura no Anexo IV. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que, con data límite da data de publicación

do nomeamento da comisión de selección no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas de dereito positivo relacionadas co contido do programa que figuran publicadas na resolución anterior e que fosen derogadas parcial ou totalmente, serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total, con data límite da data de publicación do nomeamento da comisión de selección.

III.1.1. Exercicios.

As probas da oposición consistirán na superación dos seguintes exercicios, todos eles eliminatorios e obrigatorios.

II.1.1.1. Primeiro exercicio.

O primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cento sesenta (160) preguntas tipo test, relacionado co programa que figura no anexo IV.

O exercicio dividirase en dúas partes:

A primeira parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cento vinte (120) preguntas, das que trinta (30) preguntas se corresponden coa parte común do programa e noventa (90) preguntas coa parte específica. Esta parte disporá de oito (8) preguntas de reserva, das que seis (6) serán da parte específica do programa. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas pola comisión de selección, das que só unha delas será a correcta.

A segunda parte consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test de contido práctico de corenta (40) preguntas da parte específica do programa, sobre un ou varios textos propostos pola comisión de selección. Esta parte disporá de catro (4) preguntas de reserva. As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas pola comisión de selección, das que só unha delas será a correcta.

Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta. As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación. As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de douscentos (200) minutos.

A comisión de selección procurará que o número de preguntas garde a debida proporción co número e contido dos temas que integran o programa. Na elaboración das preguntas do presente exercicio respectarase a orde establecida no parágrafos anteriores.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 50% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Subsidiariamente, de darse o caso de que o número de aspirantes que superasen este exercicio non sexa o previsto no parágrafo anterior, superarán o exercicio as persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións ata completar o número máximo de persoas aspirantes determinado polo

resultado de multiplicar por catro (4) o número de prazas convocadas, sempre que acaden, en cada unha das partes, o mínimo do 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación.

Este exercicio realizarase no prazo mínimo de sete (7) días hábiles e o máximo de sesenta (60) días hábiles dende a publicación do resultado do exercicio da proba da lingua galega.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, a comisión de selección publicará, con anterioridade á realización da proba, os criterios de corrección, valoración e superación desta que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

III.1.1.2. Segundo exercicio.

O segundo exercicio consistirá en desenvolver por escrito dous (2) temas, que se elixirán entre catro (5), obtidos mediante sorteo, pola comisión de selección de entre os que forman o contido da parte específica do programa que figura no Anexo IV.

O exercicio terá unha duración máxima de douscentos vinte (220) minutos.

O segundo exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de quince (15) puntos. Corresponderalle á comisión de selección determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar esta puntuación mínima.

A comisión de selección cualificará o exercicio valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita.

As puntuacións publicaranse unha vez finalizada a corrección da totalidade dos exercicios das persoas aspirantes.

Este exercicio realizarase nun prazo mínimo de sete (7) días hábiles desde o remate do exercicio anterior e máximo de sesenta (60) días hábiles.

III.1.2. Desenvolvemento dos exercicios.

III.1.2.1. A orde de actuación das persoas aspirantes será por orde alfabético e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra T, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 28 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 24, do 4 de febreiro), pola que se publica o resultado do sorteo realizado, en cumprimento do establecido na Resolución da mesma consellería do 13 de xaneiro de 2022 (DOG núm. 13, do 20 de xaneiro).

III.1.2.2. As persoas aspirantes deberán presentarse a cada exercicio provistas de NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno que a xuízo pola comisión de selección acredite a súa identidade.

III.1.2.3. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, os membros da comisión de selección e as persoas designadas pola Dirección Xerencia da Fundación como colaboradoras.

III.1.2.4. En calquera momento as persoas aspirantes poderán ser requiridas pola comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade.

III.1.2.5. O chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas.

Non obstante, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento pola comisión de selección, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito (48) horas seguintes ao anuncio da data do exame.

A comisión de selección acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

III.1.2.6. O anuncio de realización dos exercicios publicarase no taboleiro de anuncios da Fundación e no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) con dez (10) días naturais, polo menos, de anticipación á sinalada para o seu inicio.

III.1.2.7. Se a comisión de selección, de oficio, ou con base nas reclamacións que as persoas aspirantes poden presentar nos tres (3) días hábiles seguintes á realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das súas preguntas ou modifícase o modelo de corrección de respostas publicarao no taboleiro de anuncios da Fundación e no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>).

III.1.2.8. As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes publicaranse no portal web corporativo (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación.

Concederase un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación da resolución da comisión de selección pola que se fan públicas as puntuacións do correspondente exercicio.

III.1.2.9. En calquera momento do proceso selectivo, se comisión de selección tivese coñecemento ou dúbidas fundadas de que algunha persoa aspirante non cumpre algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria, comunicarllo á Fundación para que esta lle requirira os documentos acreditativos do seu cumprimento.

No caso de que a persoa aspirante non acredite o cumprimento dos requisitos, a comisión de selección propondrá a súa exclusión do proceso selectivo ao órgano convocante, que publicará a resolución que corresponda.

III.1.2.10. Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, a comisión de selección establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización dos exercicios, dos criterios de

corrección, valoración e superación que non estean expresamente establecidos nas bases desta convocatoria.

No caso de que a comisión de selección acorde parámetros para a cualificación do exercicio, en desenvolvemento dos criterios de valoración previstos nesta convocatoria, aqueles difundiránse con anterioridade á realización do exercicio.

IV. Fase de concurso.

A valoración dos méritos terá unha puntuación máxima de 40 puntos.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición dos seguintes méritos:

IV.1. Experiencia profesional, un máximo de trinta (30) puntos.

a) Experiencia profesional acreditada na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, como empregado público na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, a razón de 0,25 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

b) Experiencia profesional acreditada, en calquera outro ente ou administración distinta do ente convocante na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 30 puntos.

Para estes efectos e nos supostos a) e b), consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos/as e familiares (artigos 168 e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero de conformidade co establecido no artigo 177 da LEPG e a excedencia por razón de violencia terrorista (artigo 177.bis da LEPG).

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase por 0,25 puntos ou por 0,125 puntos segundo corresponda.

Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

A experiencia profesional na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne apreciarase de oficio pola Fundación mediante certificación da persoa responsable en materia de persoal.

IV.2 Outros méritos ata un máximo de 10 puntos.

a) Formación, un máximo de tres con setenta e cinco centésimas (3,75) puntos.

Cursos de formación. Valoraranse os cursos de formación, másteres ou estudos relacionados recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, pola Academia Galega de

Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; cursos impartidos polo INEM; cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia ou das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia; cursos impartidos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; cursos bonificados polo Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE); cursos convocados, organizados ou impartidos pola Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, (cursos bonificados a través da FUNDAE, Fundación Tripartita, Fundación Estatal para o Emprego); cursos impartidos por Universidades ou entidades colaboradoras destas; e cursos impartidos por centros de investigación públicos estatais ou autonómicos.

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,025 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 2,5 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 3,75 puntos.

Para os efectos de puntuación deste apartado estimaranse como valorables as probas superadas de avaliación dos programas de autoformación organizadas pola EGAP ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos directamente pola EGAP.

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.
- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.
- Os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

b) Galego: ata un máximo de un punto vinte e cinco centésimas (1,25) puntos.

Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso ata un máximo de 1,25 puntos.

- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: 0,75 puntos.

- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 1,25 puntos.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

c) Experiencia específica: ata un máximo de cinco (5) puntos.

c.1.- Publicacións científico-técnicas relacionadas e de interese para o posto de traballo que se convoca, ata un máximo de dous puntos cincuenta centésimas (2,50) puntos:

- Por comunicacións a congresos: 0,10 puntos por comunicación a congreso.
- Por publicacións nacionais: 0,15 puntos por publicación.
- Por publicacións internacionais: 0,20 puntos por publicación.

c.2.- Coñecementos de inglés, valorarase ata un máximo de un punto vinte e cinco centésimas (1,25) puntos:

- Polo Nivel Usuario Básico A2 (Plataforma) do MCERL, Nivel Básico da EOI, KET (Key English Test) ou equivalentes: 0,15 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes: 0,30 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,90 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1,25 puntos.

c.3.- Titulacións académicas oficiais de nivel superior ás exixidas, en estudos relacionados cos postos de traballo da convocatoria, valorarase ata un máximo de de un punto vinte e cinco centésimas (1,25) puntos.

- Máster ou diploma de estudos avanzados: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 1,25 puntos.

Non se terá en conta como mérito a titulación aportada como requisito.

IV.3. Os méritos enumerados nas bases IV.1 e IV.2 deberán referirse á data de publicación do anuncio da convocatoria no DOG e deberán acreditarse de conformidade co procedemento que estableza a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne nestas bases..

Non se serán en conta os méritos que non se presenten conforme o establecido no dito procedemento.

IV.4. A comisión de selección procederá á baremación da fase de concurso, coa colaboración técnica que precise do persoal da Fundación Centro Tecnolóxico Carne e publicaraa na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante.

Contra a baremación, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante a propia comisión de selección no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, a comisión de selección procederá á publicación na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación da baremación definitiva da fase de concurso.

IV.5. A orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuación obtidas nas fases de oposición e na fase de concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

Non obstante, para asegurar a cobertura das vacantes, as persoas aspirantes adxudicatarias dun posto na convocatoria de elección de destino efectuada pola Fundación Centro Tecnolóxico Carne, deberán tomar posesión real e efectiva do posto adxudicado nos termos en que dispoña a resolución de contratación como persoal laboral fixo

Malia o anterior, sempre que os órganos de selección propoñan o nomeamento de igual número de persoas aprobadas que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se

produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento, toma de posesión ou formalización do contrato, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria, ou non tomen posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan as persoas propostas, para a súa posible contratación como persoal laboral fixo. Para estes efectos, terán a mesma consideración que as renuncias os supostos das persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presenten a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos ou do seu exame se deducise que carecen dalgún deles e que, en consecuencia, non poidan ser nomeadas persoal laboral fixo.

V. Comisión de selección.

V.1. A comisión de selección do proceso será nomeada por resolución da Fundación Centro Tecnolóxica da Carne e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, artigo 60 do TRLEBEP e artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o Decreto 95/91, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

V.2. As persoas que formen parte da comisión de selección deberán absterse de intervir cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no artigo 59.2 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, ou nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección aprobadas por Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello da Xunta de 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberá ser comunicada á Fundación Centro Tecnolóxica da Carne.

A Presidencia deberá solicitar ás restantes persoas que formen parte da comisión de selección e, de ser o caso, ao persoal asesor previsto na base III.9 e ao persoal auxiliar que incorpore aos seus traballos, unha declaración expresa de non atoparse incursos en ningunha das circunstancias reflectidas no parágrafo anterior.

En todo caso, as persoas aspirantes poderán recusar os integrantes da comisión de selección cando concorran neles algunha das circunstancias referidas no parágrafo primeiro consonte ao establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

V.3. A autoridade convocante publicará na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación a resolución correspondente pola que se nomeen os novos integrantes da comisión de selección que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base anterior.

V.4. A sesión de constitución deberá realizarse nun prazo máximo de quince (15) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento da comisión de selección na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación. Na dita sesión a comisión de selección adoptará todas as decisións que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

V.5. A partir da sesión de constitución, a actuación válida da comisión de selección requirirá a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros, con presenza en todo caso das persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou de quen os substitúa.

V.6. O procedemento de actuación da comisión de selección axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

V.7. Por cada sesión pola comisión de selección levantarase unha acta, que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a Secretaría e o visto e prace da persoa que ocupe a Presidencia.

V.8. A Presidencia da comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios do proceso selectivo sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes e utilizará para iso os impresos adecuados.

A comisión de selección excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As decisións e os acordos que afecten a cualificación e valoración das probas (determinación do número de preguntas correctas para acadar a puntuación mínima, fixación de criterios de valoración, etc.) deberán adoptarse sen coñecer a identidade das persoas aspirantes as que corresponden os resultados obtidos.

V.9. A comisión de selección poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor para as valoracións que coide pertinentes, quen deberá limitarse a colaborar nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O seu nomeamento corresponderalle á persoa titular do órgano convocante .

V.10. A comisión de selección adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as restantes participantes. Para tal fin estableceranse para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3 as adaptacións de tempo e/ou medios que sexan necesarias.

Se durante a realización do proceso selectivo, a comisión de selección tivese dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias da categoría á que opta poderá solicitar o ditame do órgano competente.

V.11. A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne determinará o número máximo de sesións autorizado á comisión de selección e poderá ampliálo baseándose en causas xustificadas, así como as indemnizacións por razóns de servizo segundo a normativa que lle sexa de aplicación.

V.12. A comisión de selección non poderá propoñer o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito, tendo en conta o previsto na base IV.5.

V.13. Os acordos adoptados pola comisión de selección do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

V.14. As comunicacións que formulen as persoas aspirantes á comisión de selección dirixiranse á persoa titular do órgano convocante.

VI. Listaxe de persoas aprobadas, presentación de documentación e nomeamento de persoal laboral fixo.

VI.1. A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nos exercicios da oposición e na fase de concurso. No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

En primeiro lugar o empate dirimirase en caso de infrarrepresentación do sexo feminino na correspondente categoría profesional, a prol da muller.

En segundo lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados na categoría profesional obxecto da convocatoria na Administración ou entidade convócate.

En terceiro lugar, de persistir o empate, este resolverase polo maior tempo de servizos prestados no ámbito da entidade convócate.

En cuarto lugar, de persistir o empate, este resolverase pola maior idade da persoa aspirante.

En quinto lugar, pola maior idade da persoa aspirante.

E finalmente de persistir o empate, resolverase por sorteo.

VI.2. Unha vez rematado o proceso selectivo, a comisión de selección publicará na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación a relación de persoas aspirantes que o superaron por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade ou equivalente. Na mesma resolución propondrá o seu nomeamento como persoal laboral fixo.

A partir do día seguinte ao da publicación na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación da relación de persoas aprobadas, estas disporán dun prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación dos seguintes documentos:

- A) A aceptación asinada pola persoa seleccionada do posto adxudicado no proceso selectivo.
- B) Informe sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aprobada non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. Neste deberá constar a sinatura do persoal médico que certifica e o seu número de Colexiado.
- C) Declaración responsable de non ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

VI.3. As persoas aspirantes que dentro do prazo fixado, agás os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2 non poderán ser contratados como persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

VI.4. Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes serán nomeadas como persoal laboral fixo da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

VI.5. A adxudicación das prazas ás persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base VI.1.

VI.6. A toma de posesión das persoas aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación na páxina web (<http://www.ceteca.net/>) e no taboleiro de anuncios da Fundación da resolución do proceso selectivo.

VII. Disposición derradeira.

A participación no proceso selectivo por parte da persoa aspirante supón a aceptación íntegra das bases.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela as persoas interesadas poderán presentar recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería do Medio Rural no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do seu anuncio no DOG, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou impugna directamente ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

San Cibrao das Viñas, 26 de decembro de 2022

Miguel Fernández Rodríguez
Director xerente da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO:

CATEGORIA/POSTO QUE SOLICITA:

DATOS PERSOAIS

NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			

DISCAPACITADO	PORCENTAXE		TIPO DE ADAPTACIÓN SOLICITADA	
	QUENDA SI			

IDIOMA DO EXAME	
-----------------	--

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

- Copia cotexada do D.N.I., NIF, NIE, pasaporte ou documento equivalente.
- Copia cotexada do título do Celga 4 ou do título equivalente debidamente homologado.
- Certificado da vida laboral emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificado de tela solicitado en prazo.
- Documentación que acredita a condición de persoa con discapacidade.
- Copia cotexada da titulación mínima esixida.
- Copia cotexada do permiso de conducción tipo B.
- Xustificante bancario de ter aboado a taxa correspondente ou documento xustificativo de estar exento total ou parcialmente da mesma.
- Documentación xustificativa cotexada dos méritos e relación nominal.
- Formulario de autoavaliación enchido.
- OUTRA:

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:

ANEXO II
Acreditación de méritos

<p>Experiencia profesional</p>	<p>A experiencia profesional no órgano convocante apreciarase de oficio.</p> <p>A experiencia profesional noutras administracións públicas acreditarase mediante certificación emitida polas persoas titulares das unidades que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal do centro ou órgano, na cal deberá constar a seguinte información: denominación do posto, subgrupo e escala e especialidade ou grupo e categoría, tipo de vínculo (fixo, temporal), réxime xurídico de vinculación (laboral, funcionario, estatutario), data de inicio e fin de cada unha das vinculacións, total de días de vinculación e réxime de xornada (xornada completa, tempo parcial).</p> <p>As situacións de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, violencia de xénero, violencia sexual ou violencia terrorista acreditaranse mediante certificación da súa concesión expedida pola unidade competente na que deberán constar as datas de inicio e fin.</p>
<p>Cursos de formación e cursos de galego</p>	<p>Acreditaranse os cursos mediante orixinal ou copia electrónica auténtica do certificado de asistencia e superación do curso, en que deberán constar a denominación do curso, o organismo ou entidade que acreditou a actividade formativa, as datas de realización e o número de horas lectivas.</p> <p>No suposto de cursos impartidos no marco do AFEDAP ou AFCAP deberá constar o logotipo do respectivo acordo</p>
<p>Documentos electrónicos e autenticación de documentos</p>	<p>Os documentos electrónicos administrativos para ser considerados válidos deberán cumprir as esixencias do artigo 27 da lei 39/2015.</p> <p>As copias en soporte papel de documentos electrónicos deberán conter un código de verificación, que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos de órgano emisor. Un documento electrónico en formato papel que careza dun sistema de verificación terá a consideración de copia simple.</p> <p>As copias que se acheguen dos documentos acreditativos de méritos deberán estar autenticadas polo responsable do rexistro onde se presenten ou compulsadas por un notario ou funcionario público acreditado para a realización de tales funcións.</p> <p><i>Todas as referencias contidas nestas bases á exixencia de copia electrónica auténtica dun documento se fan extensivas, nos mesmos termos, á copia electrónica auténtica.</i></p> <p>O órgano de selección reserva para si o dereito de poder exixir ao aspirante calquera documentación complementaria e/ou rexeitar calquera certificado en liña cando existan dúbidas razoables sobre a súa autenticidade.</p>
<p>Tradución de documentos</p>	<p>Os títulos ou certificacións que estean redactados nun idioma distinto de calquera dos oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia deberán acompañarse da súa tradución para o castelán ou galego, que deberá efectuarse:</p> <p>a) Un tradutor xurado, debidamente autorizado ou inscrito en España.</p>

	<p>b) Calquera representación diplomática ou consular do Estado español no estranxeiro.</p> <p>c) A representación diplomática ou consular en España do país de que é cidadán/cidadá o/a solicitante ou, de ser o caso, do de procedencia do documento.</p>
Publicacións científico-técnicas	Acreditaranse as publicacións científico-técnicas relacionados e de interese para o posto de traballo que se convoca e que sexan acreditadas mediante orixinal, copia cotexada ou copia electrónica auténtica da publicación onde se reflecta a participación do/a candidato/a.
Coñecementos de inglés e Titulacións académicas oficiais de nivel superior	Acreditaranse os coñecementos de lingua inglesa, por ser a maioritaria na comunicación científica (artigos, relatorios, portais web...) e na difusión e recuperación de información (bases de datos, buscadores...), mediante a posesión das titulacións oficiais correspondentes enmarcados no Marco Común Europeo de Referencia do Consello de Europa (MCERL). As titulacións serán acreditados mediante o orixinal, copia cotexada ou copia electrónica auténtica.

Anexo lii

FORMULARIO DE AUTOAVALIACIÓN

Nome e apelidos:

Titulación:

Puntuación total:

EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo de 30 puntos):

1. Experiencia profesional acreditada na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne na propia categoría profesional ou equivalente, 0,25 puntos por mes, ata un máximo de 30 puntos:

- Por cada mes traballado con vinculación temporal en calquera outro ente ou administración distinta da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, 0,125 puntos, ata un máximo de 30 puntos:

OUTROS MÉRITOS (máximo de 10 puntos):

2. Formación, un máximo de 3,75 puntos:

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase con 0,025 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 2,5 puntos por curso. A puntuación máxima deste apartado será 3,75 puntos.

3. Galego: ata un máximo 1,25 puntos:

4. Publicacións científico-técnicas relacionadas e de interese para o posto de traballo, ata un máximo de 2,50 puntos:

- Por comunicacións a congresos: 0,10 puntos por comunicación a congreso.
- Por publicacións nacionais: 0,15 puntos por publicación.
- Por publicacións internacionais: 0,20 puntos por publicación.

5. Coñecementos de inglés acreditados mediante a posesión dos títulos oficiais correspondentes enmarcados no Marco Común Europeo de Referencia do Consejo de Europa (MCERL), ata un máximo de 1,25 puntos:

- Polo Nivel Usuario Básico A2 (Plataforma) do MCERL, Nivel Básico da EOI, KET (Key English Test) ou equivalentes: 0,15 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B1 (Umbral) do MCERL, Nivel Intermedio da EOI, PET (Preliminary English Test) ou equivalentes: 0,30 puntos.
- Polo Nivel Usuario Independente B2 (Avanzado) do MCERL, Nivel Avanzado da EOI, FCE (First Certificate in English) ou equivalentes: 0,60 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C1 (Dominio Operativo Eficaz) do MCERL, CAE (Certificate in Advanced English) ou equivalentes: 0,90 puntos.
- Polo Nivel Usuario Competente C2 (Mestría) do MCERL, CPE (Certificate of Proficiency in English) ou equivalentes: 1,25 puntos.

6. Titulacións académicas oficiais de nivel superior ás esixidas, en estudos relacionados cos postos de traballo da convocatoria. Ata un máximo de 1,25 puntos:

- Máster ou diploma de estudos avanzados: 0,50 puntos.
- Doutoramento: 1,25 puntos.

Anexo II
Prazas convocadas

PROCESO SELECTIVO	CATEGORÍA	TOTAL
REF.PER.- 2022/20	TÉCNICO/A PROXECTOS I+D+i GI	1

Anexo III
Titulacións

CATEGORÍA	TITULACIÓN
TÉCNICO/A PROXECTOS I+D+i GI	Licenciatura ou Grao en Veterinaria, Enxeñería Agronómica, Química, Bioloxía, Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, ou titulacións equivalentes

Anexo IV

Programas que rexerán as probas selectivas

A) Parte común

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I, artigos 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV, capítulo I e capítulo IV e título V.
4. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.
5. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
6. Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I.
7. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
8. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
9. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I. E o título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
10. Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
11. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.
12. Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia.
13. Lei 9/2017, de contratos do sector público, libros I e II.

Parte específica

1. Análise volumétrica. Volumetrías ácido-base. Volumetrías redox. Volumetrías de precipitación. Volumetrías de formación de complexos.
2. Gravimetrías. Potenciometrías e condutimetrías. Fundamentos, equipamentos e aplicacións. Electroforese. Fundamentos, equipamentos e aplicacións.
3. Cromatografía de gases. Principios de operación. Compoñentes básicos. Inxectores: tipos. Columnas: tipos, características, instalación e mantemento. Detectores (, FID, TCD, ECD, PID, MS, MS/MS, HRMS).
4. Cromatografía de líquidos. Principios de operación. Compoñentes básicos. Bombas: tipos. Sistemas de mestura. Inxectores: tipos. Columnas: tipos, características, instalación e mantemento.

Detectores (UV-VIS, Fotodíodos, FL, IR, Condutividade, Electroquímico, MS, MS/MS, HRMS). Fontes de ionización en HPLC-MS. Principios de supresión en cromatografía iónica.

5. Técnicas espectrométricas: espectrometría de infravermellos, visible e ultravioleta. Fundamento, equipamentos e aplicacións.

6. Espectrometría de absorción e emisión atómica. Chama. Cámara de grafito. Xerador de hidruros. Principios de operación e compoñentes básicos de cada un dos sistemas.

7. Espectrometría de plasma de acoplamento indutivo (ICP-AES e ICP-MS). Principios de operación. Sistemas de introdución de mostra: tipos de nebulizadores, tipos de cámaras de nebulización. Características dun plasma, o facho. Interfase e óptica: xeneralidades. Detectores: tipos. Interferencias en ICP-AES e ICP-MS: tipos, tratamento.

8. Métodos analíticos baseados en inmunoanálises. Fundamento. Tipos. Compoñentes básicos dos equipos. Aplicacións.

9. Sistema de calidade baseado na norma UNE-EN ISO/IEC 17025: manual de calidade, control de cambios, cualificación do persoal, calibración, control e mantementos de equipamentos, inventarios e fichas de equipo, auditorías, accións correctivas e preventivas, rastrexabilidade, informes de ensaio.

10. Sistema de calidade baseado na norma UNE-EN ISO/IEC 17025: métodos de ensaio e calibración, validación de métodos, control de calidade, precisión e exactitude, reproducibilidade e repetibilidade, límites de confianza, cálculo de incertezas, patróns e materiais de referencia, ensaios interlaboratorio.

11. Regulamentos REACH e CLP: características de perigo dos produtos químicos, criterios de clasificación de substancias e mesturas químicas, mecanismos de información: etiquetas, fichas de datos de seguridade; restricións de fabricación, comercialización e uso de substancias perigosas.

12. Toxicoloxía industrial: criterios de valoración de axentes químicos. Valores límites ambientais (VLA): definición e directrices para a avaliación da exposición por inhalación de axentes químicos. Valoración por comparación co VLA de exposición diaria VLA-ED e de exposicións curtas VLA-EC. Medicións periódicas de control. Valores límites biolóxicos (VLB): definición, características e métodos de control.

13. O Real decreto 374/2001 sobre riscos relacionados cos axentes químicos durante o traballo: avaliación dos riscos, medidas de prevención xerais e específicas, medidas para adoptar fronte a accidentes, incidentes e emerxencias. Real decreto 665/1997 sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos e mutáxenos durante o traballo: identificación e avaliación da exposición a carcinóxenos, prevención e redución da exposición.

14. Laboratorios químicos: riscos específicos hixiénicos e de seguridade. Consideracións relativas á estrutura, deseño e distribución dos laboratorios. Consideracións sobre seguridade relativas a instalacións e aparellos. Consideracións sobre operacións comúns. Equipamentos de seguridade: elementos de protección e de actuación. Xestión dos residuos no laboratorio: normas xerais de manipulación de residuos, programa de xestión de residuos no laboratorio: sistema de recollida; clasificación e eliminación de residuos; envasado e etiquetaxe; almacenamento temporal.

15. Control das exposicións a riscos químicos (hixiénicos e de seguridade). Técnicas xerais. Accións de control técnicas. Accións de control organizativas. Priorización do control de riscos. Accións sobre o axente. Accións sobre o proceso. Accións no local de traballo. Accións nos métodos de traballo.

16. Avaliación e control de riscos químicos (hixiénicos e de seguridade) de carácter específico: clasificación de áreas e medidas de control de atmosferas explosivas. Documento de seguridade en atmosferas explosivas.

17. Toma de mostras para análise química: importancia nos resultados das análises. Representatividade das mostras. Distintos procedementos de toma de mostras. Conservación e preparación de mostras para análise química. Homoxeneización e redución do tamaño da mostra. Conservación dos diferentes tipos de mostras segundo as determinacións que se van realizar.
18. Carnes e produtos cárnicos. Fundamentos ou principios dos métodos de análises químicos dos parámetros máis importantes.
19. Xestión da I+D+i: Terminoloxía e definición das actividades de I+D+i. Norma UNE 166000:2006.
20. O programa Marco de Investigación e Innovación da UE. Horizonte Europa (2021-2027). Características xerais, orzamento e estrutura. Outros programas europeos.
21. O Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación (PEICTI 2021-2023). Principios reitores, liñas estratéxicas, obxectivos e estrutura.
22. A estratexia integral para articular todas as actuacións da I+D+i en Galicia. RIS3 Galicia 2021-2027. Obxectivos e programas.
23. A Asociación Europea da Innovación “Produtividade e sostibilidade agrarias (AEI-AGRI). Proxectos dos grupos operativos. Proxectos Piloto. Financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
24. O proxecto de I+D+i como núcleo da actividade investigadora. Definicións. Tipos. Captación de financiamento.
25. Xestión de Proxectos de I+D+i. Fases. A fase de inicio: hipótese, obxectivos, memoria científico técnica, orzamento. A fase intermedia: desenvolvemento, seguimento, xestión de cambios e informes intermedios. A fase final: resultados da investigación, plans de difusión.
26. Bases de datos bibliográficas. Tipos de bases. Xestores bibliográficos.
27. A protección de resultados na investigación. A propiedade industrial e intelectual no marco I+D+i. Regulación xurídica dos dereitos de propiedade industrial.
28. A xestión de patentes. Marco legal para a obtención de patentes en España. Estrutura e contidos dun documento de patente.
29. A transferencia de coñecementos e tecnoloxías no marco xeral das actividades de I+D+i e o sector agroalimentario.
30. A comunicación e divulgación dos resultados da investigación científica e tecnolóxica. Tipos de publicacións. Indicadores e índices da produción científica.
31. A creación de informes. Estrutura e contido. Redacción e interpretación de resultados.
32. O artigo científico. Estrutura. Modelos IMRaD, AIMRD y IRDaM. Estilo da escritura científica. Perfil de autor e cálculo de impacto normalizado.
33. Vixilancia tecnolóxica e intelixencia competitiva. Tipos e aplicación de sistemas de vixilancia tecnolóxica. Intelixencia competitiva.
34. Estatística aplicada á investigación (I). Estatística descritiva. Descritivos de tendencia central, de dispersión e de distribución. Representacións gráficas. Regresión e correlación.
35. Estatística aplicada á investigación (II). Mostraxe. A distribución mostral. Intervalos de confianza. Probas de hipóteses.
36. Estatística aplicada á investigación (III). Comparación de medias: t de Student, U de Mann Whitney, T de Wilxoson, ANOVA dun factor e de medias repetidas, proba H de Kruskal-Wallis. Correlación de variables.

37. Estatística aplicada á investigación (IV). Análise Multivariante. Tipos. Análise de compoñentes principais. Análise Factorial. Análise Clúster. Análise Discriminante